

QUÍMICA 2º BACHARELATO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: QUÍMICA
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da terceira avaliación.		
Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.	QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	CMCCT
B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.	QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	CMCCT
B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.	QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	CMCCT
B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.	QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	CMCCT
B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas.	QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	CMCCT
B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.	QUB4.8.1. A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	CMCCT
B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.	QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	CMCCT
B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.	QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	CMCCT, CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Recollida e corrección das tarefas propostas na aula virtual. -Observación diaria da consulta por parte do alumnado dos documentos e vídeos explicativos colgados na aula virtual..
Cualificación final	<p>Farase a media da cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, con decimais, e sumaráselle ata un punto polo traballo realizado na terceira avaliación. Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático. Todo o alumnado ten as dúas primeiras avaliacións aprobadas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non procede. Todo o alumnado ten a materia aprobada en xuño.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Visualización de vídeos explicativos das partes teóricas da materia e de de como resolver cuestións e problemas.</p> <p>Traballo con materiais impresos que o alumnado xa tiña ou que se atopan na aula virtual.</p> <p>Realización de tarefas propostas na aula virtual: resolución de cuestións e problemas relacionadas co tema tratado.</p> <p>Realización de videoconferencias co alumnado.</p> <p>Intercambio de información, consulta e resolución de dúbidas ou correccións, mediante WhatsApp, correo electrónico ou a través da aula virtual.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado da materia de química en 2º bacharelato ten conectividade.</p> <p>A diario, propónse na aula virtual unha tarefa consistente nun vídeo explicativo dunha parte de materia e nuns exercicios relacionados que teñen que entregar a través da aula virtual, seguindo un esquema similar ao do traballo na aula. Devólvenselles corrixidos a diario.</p> <p>Mantense un contacto constante co alumnado a través da aula virtual, o WhatsApp ou o correo electrónico para resolver dúbidas, realizar correccións e intentar que manteñan o interese pola materia.</p> <p>A partir do 11 de maio, propoñeráselle ao alumnado interesado repasar para preparar a proba da ABAU.</p>
Materiais e recursos	<p>Vídeos explicativos elaborados polo departamento.</p> <p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>WhatsApp.</p> <p>Videoconferencias.</p> <p>Material impreso elaborado polo departamento.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico, a aula virtual e a páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do IES de Quiroga.